



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

betanzos.net  
<https://sede.betanzos.es>  
correo@betanzos.net

## **ANUNCIO DE COBRANZA DO PADRÓN FISCAL DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTIAGO DE LA FUENTE DO CONCELLO DE BETANZOS NO MES DE FEBREIRO 2025**

Pola presente faise saber que por resolución nº 497/2025 de data 07/03/2025 do Concelleiro Delegado de Economía e Facenda foi aprobado o padrón fiscal do prezo público pola prestación do servizo da escola infantil municipal Santiago de la Fuente do Concello de Betanzos, correspondente ao mes de febreiro de 2025.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Establécese un período de exposición pública de 20 días hábiles a contar desde o seguinte ao da presente publicación no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal as persoas interesadas poderán examinar o expediente na Tesourería Municipal.

Poderanse interpoñer, no seu caso, os seguintes recursos:

- O recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública, perante a Alcaldía, que será resolto no prazo máximo de un mes, transcorrido o cal entenderase desestimado.
- Contra a desestimación do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución se esta é expresa ou no prazo de seis meses dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta.

Este prezo público devindícase dende a solicitude de prestación do servizo e o medio de pago ordinario será o de domiciliación bancaria nas contas sinaladas polos obrigados tributarios.

O período voluntario de pago será de dous meses dende o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o cal as débedas serán esixidas mediante o procedemento de prema e devindicaranse os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan, conforme os artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Betanzos, na data da sinatura electrónica.

### **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A Alcaldesa  
María Barral Varela

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).